



1799 - 1847

- A primeira paleontóloga en identificar correctamente un esqueleto de ictiosauro, réptil mariño da época do Xurásico.
- Atopou os primeiros dous esqueletos de plesiosauros e o primeiro de pterosaurio fóra de Alemaña.
- Realizou importantes achegas á paleontoloxía e a xeoloxía.
- Sufriu a desigualdade de xénero da época: a Sociedade Xeolóxica de Londres xamais a admitiu entre os seus membros e viviu o desprezo de moitos paleontólogos homes, que durante anos apropiáronse dos seus descubrimientos e estudos.



1898 - 1987

- Estudou Medicina e doutorouse con grandes notas.
- Quería dedicarse á pneumoloxía pero a súa familia e docentes presionárona para que se dedicase a algo máis adecuado para unha muller.
- Primeira xinecóloga galega.
- Cofundadora da Academia Médico-Cirurxíca de Vigo (1930).
- En 1937 foi arrestada pola súa posición galeguista e, como consecuencia da súa actitude crítica coa ditadura, nos anos seguintes moita xente deixou de recorrer a ela como médica.



1909 - 2012

- Neuróloga italiana que descubriu o primeiro factor de crecemento coñecido no sistema nervioso.
- Cando empezaba a súa carreira investigadora, o fascismo prohibiu á comunidade xudía practicar medicina e ter cargos na universidade, o que a levou a montar un laboratorio secreto no seu dormitorio onde practicaba a microcirurxía en ovos fertilizados, estudiando as primeiras fases do crecemento nervioso.
- Obtivo o Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina en 1986, compartido co seu colega Stanley Cohen.
- Os seus achados foron fundamentais para a comprensión dos mecanismos de control que regulan o crecemento das células.



Z X C 4

D I S J



R 2 T 1